

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01927			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia de tradución 100% directa lle permitirá ao alumno unha primeira aproximación á teoría e práctica da tradución editorial, principalmente no ámbito da tradución literaria. O alumno será capaz de identificar as características dos textos literarios, de defender as súas propostas de tradución, de avaliar textos literarios traducidos e manexará as estratexias de trasvase e fontes de documentación necesarias.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C12	Posuír unha ampla cultura
C15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información

D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D14	Motivación pola calidade
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
O alumno será capaz de analizar o rexistro e as características estilísticas do texto fonte, o que lle permitirá manexar as estratexias de trasvase máis axeitadas.	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C5 C18 C22 C25	D10 D14 D16
O alumno será capaz de resolver os problemas de tradución defendendo o seu traballo.	A1 A2 A3 A4 A5	C8 C10 C11 C15 C17 C22 C27	D4 D6 D7 D8 D9 D12 D14 D18
O alumno coñecerá a situación do mercado da tradución editorial inglés-español e as fontes de documentación disponibles.	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C8 C12	D9 D14
O alumno será capaz de traballo en grupo de forma eficiente.	A1 A2 A3 A4 A5	C10 C11 C17 C21 C27	D4 D8 D12 D13 D23

Contidos

Tema	
1. A tradución editorial /a tradución literaria. Conceptos básicos.	Diferentes modelos teóricos. Terminoloxía. Fontes de documentación. Situación do mercado editorial.
2. Problemas de tradución literaria e estratexias de trasvase en textos narrativos.	Contexto de situación, contexto de cultura e problemas de análise lingüístico.
3. Análise contrastiva, avaliación e crítica de traducións literarias.	Revisión de textos narrativos.
4. Tradución da literatura infantil e xuvenil.	Especificade e problemática da tradución de textos LIX.
5. Canción e poesía.	Problemática da tradución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	0	10
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	40	40
Traballos de aula	8	0	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	6	28
Traballos tutelados	0	40	40
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudos/actividades previos	0	16	16
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán a continuación mediante diferentes tarefas e que o alumnado necesita para poder traducir os textos con eficacia e calidade.
Titoría en grupo	As titorías permitirán o comentario e revisión das encomendas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante diferentes tarefas dun xeito invididual na casa.
Traballos de aula	Diferentes tarefas que poñen en práctica os contidos e que buscan fomentar o espíritu crítico e o traballo en equipo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Diferentes actividades de resolución de problemas de tradución en textos literarios concretos que permitan analizar e resolver os problemas de trasvase.
Traballos tutelados	Dúas encomendas de tradución que constan de tradución e comentario crítico no que o alumnado xustifique as estratexias de trasvase manexadas.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente.
Estudos/actividades previos	Todas as unidades teñen una bibliografía obrigatoria das que o alumnado terá que realizar diferentes actividades.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Traballos de aula	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.
Traballos tutelados	Nas titorías en grupo se comentarán as encomendas. O alumnado poderá consultar calquera dúbida sobre as tarefas e exercicios no horario de titorías. Tamén se utilizará a plataforma de docencia FAITIC.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	A) Entrega de actividades sobre a lectura obrigatoria. 10%. B) Entrega en grupos de dúas tarefas: análise contrastiva de textos traducidos (7,5%) e mercado editorial, normas e proposta de tradución (7,5%). Porén, a alumnado ten que entregar unha tarefa sobre a novela obrigatoria para aprobar a materia.	25	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C5 C8 C10 C11 C15 C18 C21 C22 C27	D6 D7 D9 D10 D16 D23
Traballos tutelados	Dúas encomendas de tradución: tradución e comentario crítico tradutolóxico. A primeira suporá o 20% da nota e a segunda o 25%. Datas de entrega das encomendas: semana do 22 ao 26 de febreiro e semana do 4 ao 10 de abril.	45	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C5 C8 C12 C15 C17 C18 C21 C22 C25 C27	D4 D6 D7 D8 D9 D10 D13 D14 D16 D18 D23

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame final da materia que constará de dúas partes realizadas en sesións diferentes e cun valor de 5 puntos cada unha. O alumno deberá aprobar cada unha das partes. A primeira parte será unha tradución (con dicionarios, sen ordenador) dun fragmento dunha das obras traballadas na clase e a segunda incluirá un comentario crítico dunha tradución e cuestións teóricas que terán que estar redactadas en castelán. Datas: últimas dúas sesións.	30	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C5 C18 C22	D4 D9 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia é presencial (80% de asistencia obrigatoria). Se o alumno, por motivos xustificados, non pode seguir este sistema de avaliación deberá renunciar por escrito o primeiro mes de clase. Neste caso a cualificación será unicamente a do exame final que terá lugar nas dúas últimas sesións e que abrangará todos os contidos da materia (incluindo para estos alumnos as lecturas obrigatorias e novela obrigatoria) como se explica no parágrafo seguinte. O mesmo se aplicará ó exame de xullo.

Como consta no apartado de avaliación, o exame final terá dúas partes cun valor de 5 puntos cada unha. A primeira parte da proba será unha unha tradución (con dicionarios, sen fontes telemáticas) dun fragmento dunha das obras traballadas na clase. A segunda parte incluirá un comentario crítico contrastivo dun texto meta (con dicionarios) e o texto fonte (pertencente ás obras traballadas na clase) e cuestións teóricas sobre os contidos do temario. Todo o alumnado terá que ter aprobada cada unha das partes para aprobar a materia (aínda que os alumnos de avaliación contínua non terán que facer as preguntas sobre lecturas obrigatorias e novela obrigatoria). As datas das probas serán as mesmas que as dos alumnos de avaluación continua.

Se gardarán partes aprobadas para a convocatoria de xullo aos alumnos de avaliación continua.

Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios a cualificación será 0

Bibliografía. Fontes de información

O alumno terá que propor ás profesoras, NO PRIMEIRO MES DE CLASE, a lectura dunha novela de recente tradución ao castelán pero que terá que ler na versión orixinal escrita en lingua inglesa.

BIBLIOGRAFÍA

Bassnett, S. e Lefevere, A. 1998. *Constructing Cultures. Essays on Literary Translation.* London, Clevedon: Multilingual Matters.

Boase-Beier, J. 2007. *Stylistic Approaches to Translation*. St. Jerome: Manchester.

Carter, R.Y. e J. Mcrae. 1996. *The Penguin Guide to English Literature: Britain and Ireland*. London: Penguin Books.

Coillie J. van e W. P. Verschueren (eds.) 2006. *Children□s Literature in Translation*. Manchester: St. Jerome.

Dali, K., J. Dilevko e G. Garbutt. 2011. *Contemporary World Fiction: A Guide to Literature in Translation*. Libraries Unlimited.

Delabatista, D. (ed.) 1996. *Wordplay and Translation*. *Special Issue of The Translator* 2/2. Manchester: St. Jerome.

Federici, F. M. (ed.) 2011. *Translating Dialects and Languages of Minorities. Challenges and Solutions*. New Trends in Translation Studies 6. Oxford, Bern, Berlín, Bruselas, Frankfurt, New York, Viena: Peter Lang.

France, P. 2000. *Oxford Guide to Literature in English Translation.* Oxford: Oxford University Press.

Gaddis Rose, M. 1997. *Translation and Literary Criticism*. Manchester: St. Jerome.

García López, R. 2000. *Cuestiones de Traducción. Hacia una teoría particular de la traducción de textos literarios*. Granada: Comares.

Gonzalo García, C. e V. García Yebra. 2005. *Manual de documentación para la traducción literaria*. Arco: Madrid.

Hermans, T. 1999. *Translation and Systems: Descriptive and System-Oriented Approaches Explained*. Manchester: St. Jerome Press.

Holmes, J. e Popovic, A. 1991. *The Nature of Translation. Essays on the Theory and Practice of Literary Translation*. House, J. 1997. *A Model for Translation Quality Assesment*. Tübingen: Gunter Narr.

Katan, D. 2004. *Translating cultures*. Manchester: St Jerome.

Landers, C. E. 2001. *Literary Translation. A practical Guide*. Multilingual Matters: Universidad New Jersey City.

Maier, C. (ed.) 2000. *Evaluation and Translation*. *Special Issue of The Translator* 6/2. Manchester: St. Jerome.

Marco Borillo, J. 2001. «Descripción y comparación de traducciones. Hacia un modelo integrador». *Sendebar* 12, 129-152.

_____1991/ 2005. *Text Analysis in Translation.* Amsterdam: Rodopi.

Parks, T. 2007. *Translating Style. A Literary Approach to Translation. A Translation Approach to Literature*. Manchester: St. Jerome.

Popovic, A. 1976. *Dictionary for the Analysis of Literary Translation*. Department of Comparative Literature, Edmonton: Universidad de Alberta.

Robinson, D. 1997. *Translation and the Empire Postcolonial Approaches Explained*. Brooklands: St. Jerome.

Torre, E. 1994. *Teoría de la traducción literaria*. Madrid: Síntesis.

Valero Garcés, C. 1995. «Crítica de la traducción literaria». *Apuntes sobre traducción literaria y análisis contrastivo de textos literarios traducidos*. Madrid: Universidad de Alcalá, 157-186.

Vidal Claramonte, C. A. 1995. *Traducción, manipulación, deconstrucción*. Salamanca: Ediciones Colegio de España.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Outros comentarios

A bibliografía completarase na clase.
As sesións poderán adaptarse a homoxeneidade do alumnado.